

**ACORDO DA COMISIÓN ELECTORAL CENTRAL DO 12 DE XANEIRO DE 2026 SOBRE O USO DE
MEDIOS INSTITUCIONAIS POR PARTE DAS CANDIDATAS Á REITORA**

Advertencia formal por incumprimento das normas do proceso electoral á candidata a reitora da Universidade de Santiago de Compostela, (USC), María Teresa Flores Arias,

Reunida a Comisión Electoral Central (CEC) o día 12 de xaneiro de 2026, ás 10:10 horas para tratar o punto na orde do día de *“Adopción de decisións sobre as actuacións permitidas no período electoral”*, dáse conta de que en data 07.01.2025 a presidenta da Comisión recibiu un correo electrónico no que se indica que por parte dunha das candidatas á reitora, María Teresa Flores Arias, remitiuse unha mensaxe ao grupo de whatsapp do Programa alumnos-titores, enmarcado no Programa “A Ponte” do que é coordinadora en virtude do cargo que ostenta de Delegada do Reitor para o Ensino Medio e representante na CIUG, co seguinte contido: *“[...] Tamén quería ter unha xuntanza convosco, para recoller preocupación do estudantado das diferentes titulacións ás que pertencedes, e trasladarvos as miñas propostas como candidata a reitora da USC. [...]”*

O artigo 18 do Regulamento electoral xeral da USC indica que ao longo do proceso electoral garantirase a igualdade dos candidatos/as no acceso aos medios de que dispoña a Universidade. Así, o uso dun medio de difusión de mensaxes previsto para a comunicación eficaz entre o grupo de alumnos e a coordinadora do Programa “A Ponte”, neste caso a Delegada do Reitor para Asuntos do Ensino Medio, supón o aproveitamento duna canle de comunicación de carácter institucional para actos de precampaña electoral ao facer uso dos medios de que dispón en virtude do seu cargo.

Neste senso, e segundo dispón o artigo 7 do Regulamento electoral xeral da USC, a administración electoral corresponderá á Comisión Electoral Central da Universidade, á que lle compete a resolución de reclamacións, impugnacións ou calquera outra cuestión que se suscite no proceso electoral.

Por todo o exposto, a Comisión Electoral Central na súa reunión do 12 de xaneiro de 2026, acordou dirixir á candidata María Teresa Flores Arias a seguinte ADVERTENCIA:

Que debe cesar no uso das canles de comunicación de uso común aos que ten acceso en virtude do seu cargo para a difusión de mensaxes de contido electoral entre os seus membros; en caso contrario a Comisión dará conta ao reitor para o exercicio da potestade disciplinaria polo incumprimento da normativa electoral.

Así mesmo, recoméndase a eliminación da mensaxe no grupo de whatsapp ao que se difundiu á petición de reunión.

Esta comunicación ten a consideración de advertencia formal por parte da CEC, como órgano da administración electoral.

En Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

A presidenta da Comisión Electoral Central

Diana Santiago Iglesias

María Teresa Flores Arias

Notificación electrónica

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: DIANA SANTIAGO IGLESIAS,
SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/01/2026 10:09:50.

CSV: 2AE0-41A7-4176-943C